

RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

ASUNTO: RES. CORRECCION ERRO PCAP CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CONCILIACIÓN NOS DÍAS LECTIVOS DENOMINADOS TEO MADRUGA E TEO COIDA POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO. S-6/2024

EXPEDIENTE: 2024/G003/001028

Mediante Decreto da Alcaldía de 5 de agosto de 2024 (res. 967/2024), resolveuse aprobar o expediente de contratación para a contratación do SERVIZO DE CONCILIACIÓN NOS DÍAS LECTIVOS DENOMINADOS TEO MADRUGA E TEO COIDA POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO. S-6/2024, mediante procedemento aberto simplificado, con aplicación de fórmulas e aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, cos seus anexos, de data 1 de agosto de 2024, que rexerán a contratación.

Considerando que na páxina 4 do PCAP onde di:

“Para o Teomadruga:

- CEIP Ramallosa: 2 monitores/as contratados/as; un/unha 2 h/día e outro/a 1 h 30 min/día.”

Debería dicir, tal e como establece a páxina 2 do PPT:

- CEIP Ramallosa: 3 monitores/as. Un/ha contratado/a 2 horas/día e dous contratados/as 1 hora e 30 minutos/día.

Considerando que o erro constátase ca documentación do expediente.

Considerando o disposto no artigo 53 da Lei 7/1985. do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e, por remisión deste, no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Considerando que o último dos artigos citados establece que “*Las Administraciones Públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos*”.

Considerando que neste suposto trátase de rectificar un erro material no PCAP, tal e como resulta do exposto, e que o artigo 122.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, LCSP indica “*Los pliegos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente a la autorización del gasto o conjuntamente con ella, y siempre antes de la licitación del contrato, o de no existir esta, antes de su adjudicación, y solo podrán ser modificados con posterioridad por error material, de hecho o aritmético*”.

Tratándose dun erro que se aprecia tendo en conta exclusivamente os datos que obran no expediente administrativo.

Vistos os artigos 116 e 117 e a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

RESOLVO:

Primeiro.- Corrixir o erro material advertido no Prego de cláusulas administrativas particulares, cos seus anexos, de data 2 de febreiro de 2021, que rexerán a contratación de SERVICIO DE CONCILIACIÓN NOS DÍAS LECTIVOS DENOMINADOS TEO MADRUGA E TEO COIDA POR PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADO. S-6/2024, de xeito que que na páxina 4 do PCAP onde di:

“Para o Teomadruga:

- CEIP Ramallosa: 2 monitores/as contratados/as; un/unha 2 h/día e outro/a 1 h 30 min/día.”

Debería dicir, tal e como establece a páxina 2 do PPT:

- CEIP Ramallosa: 3 monitores/as. Un/ha contratado/a 2 horas/día e dous contratados/as 1 hora e 30 minutos/día.



Segundo.- Publicar este acordo no perfil do contratante ubicado na PLCSP xunto cos pregos rectificadros.

Terceiro.- Dar conta ao Pleno da Corporación na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Teo, asinado polas persoas que se detallan a continuación, na data da sinatura dixital que figura na marxe.

A alcaldesa,

A secretaria acctal, que dou fe

Lucía Calvo de la Uz

M^a Elena Sueiro Fernández